

Referencia da Praza: LA2408-H12-814-PI-NA-01

Tipo de Praza: Profesor/a substituto/a

Área de Coñecemento: 814

Departamento: H12

Sede actuación da comisión: Facultade de Filoloxía e Tradución

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

En Vigo o día 11 de xuño de 2025 constitúese a comisión arriba indicada coa asistencia de:

Presidente/a: Ana María Pereira Rodríguez

Secretario/a: Beatriz María Rodríguez Rodríguez

Vogal: Robert Neal Baxter Ford

Como membro con voz e sen voto, designado/a pola representación das e dos traballadores:

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Reunida a comisión correspondente, constituída polas persoas que se relacionan na Acta de Constitución acordouse por unanimidade establecer os seguintes criterios de valoración, que complementarán o baremo (Anexo I) á hora de valorar e puntuar os méritos (en número máximo de 10) que presenten as persoas candidatas segundo o recollido no Anexo V:

Titulación(s) básica(s): Grao ou Licenciatura en Tradución e Interpretación con inglés como primeira lingua estranxeira

Titulación(s) afín(s): --

Área(s) Afín(s): --

1. TITULACIÓN / FORMACION ACADÉMICA

A puntuación dos subapartados correspondentes:

- ✓ No caso de correspondencia coa área de coñecemento obxecto de concurso, valorarase no seu valor máximo: 100%.
- ✓ No caso de titulacións e áreas afíns, valorarase ao 50%.
- ✓ No caso de titulacións/áreas non afíns, valorarase coa seguinte porcentaxe: ---%.

a) Expediente académico na Diplomatura/Licenciatura/Grao/Enxeñaría ou equivalente: nota media do expediente. A suma dos puntos (entre paréntese) acadados dividirase polo número total de convocatorias consumidas. Entenderase incluída aquí a titulación universitaria requirida para optar á praza.
Matrícula de Honra (4), Sobresaliente (3), Notable (2), Aprobado (1)

b) Premio Extraordinario de Licenciatura/Grao/Enxeñaría ou equivalente: 0,5 puntos

c) Expediente académico no Mestrado: nota media do expediente. A suma dos puntos (entre paréntese) acadados dividirase polo número total de convocatorias consumidas

Matrícula de Honra (4), Sobresaliente (3), Notable (2), Aprobado (1)

d) Premio Extraordinario de Mestrado: 0,5 puntos

- e) Tese de Doutoramento
Sobresaliente "cum laude" (ou Apto "cum laude") (4), Sobresaliente (3), Notable (ou Apto) (2), Aprobado. (1)
.....
- f) Premio Extraordinario de Doutoramento: 0,5 puntos
.....
- g) Outros cursos de especialización: máx. 1 punto
.....
- h) Outros méritos académicos: máx. 1 punto
.....

2. EXPERIENCIA DOCENTE

A puntuación dos subapartados correspondentes:

- ✓ No caso de correspondencia coa área de coñecemento obxecto de concurso, valorarase no seu valor máximo: 100%.
- ✓ No caso de titulacións e áreas afíns, valorarase ao 50%.
- ✓ No caso de titulacións/áreas non afíns, valorarase coa seguinte porcentaxe: %.

Nos casos de docencia inferiores a un ano procederase ao rateo da puntuación.

- a) Docencia universitaria:
I. 1 punto por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo completo.
II. 0,5 punto por cada ano en réxime de dedicación a tempo parcial.
.....
- b) Docencia non universitaria:
I. 0,250 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo completo (no caso de que a Comisión Específica de Área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional non se valorará neste apartado).
II. 0,125 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo parcial (no caso de que a Comisión Específica de Área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional non se valorará neste apartado).
.....
Só se valorará a docencia regrada
- c) Acreditación de formación pedagóxica regulamentada: ata 1 punto.
.....
Certificado de Aptitude Pedagóxica ou Mestrado Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas

- d) Cursos de formación docente recibidos: 0,2 puntos por cada 100 h de docencia recibida, ata o máximo de 1 punto

.....

- e) Cursos de formación docente impartidos: 0,2 puntos por cada 20 h de docencia impartida, ata o máximo de 1 punto

.....

- f) Participación en proxectos de innovación docente: 0,2 puntos ata o máximo de 1 pto

.....

3. EXPERIENCIA LABORAL E INVESTIGADORA

Valorarase a experiencia laboral ou investigadora que se axuste ao perfil definido na convocatoria da praza.

- ✓ Calquera outra experiencia laboral ou investigadora relacionada coa área, valorarase coa seguinte porcentaxe: 50 %.
- ✓ Calquera outra experiencia laboral ou investigadora non relacionada coa área, valorarase coa seguinte porcentaxe: 0 %.

Nos casos de contratos a tempo parcial ou por períodos inferiores a un ano procederase ó rateo da puntuación.

- a) Actividade laboral que require título universitario: ata 0,5 puntos por ano.
(entenderanse aquí tamén incluídos os contratos de investigación, bolsas FPI/FPU ou equivalentes). A persoa candidata terá que demostrar de xeito fehaciente a relación da actividade laboral desempeñada coas materias da área da lista de agarda á que se presenta.

0,5 por ano.....

- b) Actividade laboral que non require título universitario: ata 0,05 puntos por ano. A persoa candidata terá que demostrar de xeito fehaciente a relación da actividade laboral desempeñada coas materias da área da lista de agarda á que se presenta.

0.....

- c) **Publicacións investigadoras:** a persoa candidata elixirá a publicación de maior relevancia que poderá ser valorada con un máximo de ata 1 punto.

Para os artigos científicos establécese o seguinte criterio en función da indexación da revista onde se publiquen: grupo A e B, ata 1 punto; grupo C, ata 0,5 puntos; grupo D ou non indexados ata 0,25 puntos. Para os libros establécese o seguinte criterio: de ámbito internacional, ata 1 punto; de ámbito nacional, ata 0,5 punto. Para os capítulos de libros establécese o seguinte criterio: de ámbito internacional, ata 0,5 punto; de ámbito nacional, ata 0,25 puntos. Para valorar os libros e capítulos de libros terase en conta a posición da editorial que os publica dentro da lista de lingua, lingüística e literatura do Scholarly Publishers Indicator.

- d) **Proxectos de investigación:** a persoa candidata elixirá o proxecto de maior relevancia que poderá ser valorado con un máximo de ata 1 punto.

Para a valoración da participación en proxectos de I+D establécese o seguinte criterio: participación en proxectos de ámbito internacional como IP ata 1 punto e como parte do equipo ata 0,5; participación en proxectos de ámbito nacional como IP ata 0,5 puntos e como parte do equipo ata 0,25; participación en proxectos de ámbito autonómico como IP ata 0,25 e como parte do equipo ata 0,125; participación en proxectos non competitivos ata 0,05.

- e) **Outros méritos** (bolsas de colaboración, estadías de investigación, actividades de investigación ou transferencia, cursos de investigación recibidos, etc.): ata 1 punto.

Valorarase con ata 0,2 puntos cada mes de estancia nun centro de investigación internacional e con ata 0,1 puntos cada mes de estancia nun centro de investigación nacional. Valorarase 0,125 por cada ano de bolsa de colaboración en departamentos universitarios.

OBSERVACIÓNS ADICIONAIS

Vigo, 11 de xuño de 2025

Presidente /a
Asdo:

Secretario / a
Asdo:

Vogal
Asdo:

De ser o caso,
Rep. Trab. (con voz e sen voto)
Asdo: